

1.

Viveiro, 17 de novembro de 2007

Querida Lucía:

Xa hai case un trimestre que non te vexo; desde que comezou o curso non fago máis que pensar no moito que nos divertimos no verán. Ata o profesorado di que teño a cabeza noutro lado. É verdade: lembro cando iamos á praia de Covas

(os poucos días que fixo sol); cando, nas festas da vila, fomos á carballeira para escoitar a banda de música; cando quedaches encerrada no cuarto de baño do avó; cando lle escondemos o balón ao equipo de fútbol entre as pólas dun ciprés, e logo asinamos a paz con eles ...

Oxalá poidas vir polo Nadal, porque estou desexando verte de novo.

Un bico,

Silvia

2. a) Viveiro, Lucía, Covas, Nadal, Silvia.

b) Trimestre (mes), profesorado (profesor), carballeira (carballo), banda (músico), equipo (xogador).

3. Son concretos: *xersei, cara, illa, reloxo, mazá, fume, ladrido.*

Son abstractos: *tranquilidade, desexo, simpatía, alegría, obediencia, sospeita, altura.*

4. Horizontal: Ferrol, Lugo (1ª liña)

Horizontal: Santiago (3ª liña)

Horizontal: Madrid (5ª liña)